

Na silveira

Parece ser que os coellos e os raposos manteñen no mundo animal unha relación nada harmoniosa: uns porque poden ser vítimas dos astutos golpes, outros porque se ven, a miúdo, burlados polos escorregadizos cazapos. Federico na silveira amósalles aos primeiros lectores que ás veces os papeis cámbianse ou intercámbianse e os listos non son tan listos e os débiles non son tan débiles, facéndose bo neste sentido o dito “máis vale maña que forza.”

O animal protagonista é xa un vello coñecido dos rapaces, o seu creador Xosé Miranda (Lugo, 1955) que comezou a publicar libros para nenos en torno ao ano 2000 déunolo a coñecer noutros volumes como *Aventuras do coello Federico* ou *O coello Federico e os morodos*, este último publicado tamén dentro da colección “Merliño” de Edicións Xerais de Galicia.

O raposo, farto de non o dar pillado, ponlle unha trampa ao coello na que este cae de contado e entre unha fala e outra, o cazado consegue convencer o

Os listos non son tan listos



MARÍA NAVARRO



cazador de que a súa decisión de guisalo, asalo, cozelo, esfragalo, afogalo, colgalo ou mesmo esfolalo sería mellor ca chimpalo na silveira e como o raposo semella estar sedento de vinganza guinda o co-

ello xusto ao lugar onde este se sente máis a gusto: entre as silvas.

Que os protagonistas sexan animais, que estes falen, pensen, razoen e se comporten coma os humanos non é certamente nada novidoso nun tipo de textos que

bebe de estruturas antigas xa consolidadas no mundo da literatura como poden ser as fábulas nas que, ademais do seu acusado carácter didáctico, destaca o enxeño como valor engadido daqueles seres que, sentíndose inferiores, son capaces de darlle a volta a unha realidade que lles era, en principio, adversa.

En *Federico na silveira* o autor, ademais de facer falar aos personaxes e guiar os seus movementos para acadar un fin determinado, escolle unha linguaxe sinxela e coidada e introduce aos lectores nunha divertida historia fantástica que presenta o acerto de ser en verso, de estar rimada e, con isto, marabillosamente amenizada.

MIRANDA, Xosé, *Federico na silveira*, Ed. Xerais, Vigo, 2005, 30 páxinas